

Presidencias dos tribunais das oposicións

Estannos chegando ao sindicato numerosas denuncias de presións a profesorado para que forme parte dos tribunais, é toda forma improcedente e denunciábel a presión que se está exercendo para que o profesorado acepte a presidencia dos tribunais, se a Consellaría ten problemas á hora de nomear os tribunais teno moi sinxelo, que recolla a nosa proposta de que todos os membros do tribunal sexan a sorteo e entre este persoal escollan a presidencia.

Esperamos que ninguén apareza nomeado como presidente ou presidenta dun tribunal sen telo aceptado previamente, e que non nos atopemos con “voluntarios obrigatorios” como desde a administración se está chamando a certas presidencias.

[A administración di que van nomear presidencias, que oposicións ten que haber.](#)

Prazas de atención preferente

Sabemos por anuncios feitos por inspectores e incluso algún xefe territorial que este ano van saír as prazas de atención preferente, ten xa datas a Consellaría?

[Teñen intención de traelo á mesa, pero non teñen datas aínda.](#)

Prazas de convenios, asesores e CAFI/CeFoRes

Que comisións ten previsto a Consellaría convocar este ano e en que datas.

[Anuncian que convenios teñen intención de traelo á mesa, descoñecendo datas aínda, e que as demais comisións non son da súa responsabilidade.](#)

Datas, horas e lugares das oposicións

Este ano é un ano no que dada a situación de pandemia é máis necesario que nunca coñecer as datas, horas e lugares onde vai actuar cada tribunal, cando o van comunicar a Consellaría?

[Publicarán no DOG o 4 de xuño os tribunais, e a partir de aí constituiranse e irán facendo as oportunas publicacións.](#)

[No transcurso da mesa decatámonos de que o Conselleiro, en rolda de prensa, xa adiantou a publicación, con erros, das datas e lugares](#)

Mesa monográfica curso 2021/2022

Recordamos a solicitude dunha Mesa Sectorial monográfica para analizar as medidas a adoptar no curso 2021/22.

As intencións da Consellaría e que foron pasan por reducir o que consideran “gastos covid” en profesorado que foi necesario durante este curso.

A CIG-Ensino considera totalmente impresentábel calquera recorte en docentes e incremento de ratios, tanto desde a perspectiva sanitaria como desde a pedagóxica. O que precisa o sistema educativo galego non son aulas con máis alumnado ou recortes de profesorado, que segue a ser necesario, non só por medidas de distanciamento físico e de prevención da saúde senón tamén polos reforzos imprescindíbeis despois de dous cursos que, dunha ou doutra maneira, nos están a afectar a todos e todas e especialmente a aquel alumnado con máis necesidades de apoio.

Publicación da orde de atención á diversidade

Volvemos solicitar que quede claro que se a orde se publica non entrará en vigor até o 1 de setembro.